

MANIFESTO POR UN ENSINO PÚBLICO GALEGO CON FUTURO, SEN RECORTES NIN PROPAGANDA



O actual curso escolar foi vendido polo conselleiro de Educación como o inicio dun “camiño novo” e o da “maior modernización do sistema educativo galego”. Para as miles de docentes que levan anos soportando unhas condicións de traballo que, ou ben non tiveron ningunha mellora neste curso ou ben son claramente insuficientes, esas afirmacións son algo máis que unha falsidade, son unha falta de respecto porque afirman o contrario do que se afronta a diario nos centros e nas aulas.

Para as familias que escolarizan os fillos e fillas no ensino público son igualmente unhas declaracións que ofenden porque saben que, na maioría dos centros, este foi un comezo de curso con menos recursos que en anos anteriores para a atención á diversidade. O feito de que se dotasen os centros con 80 docentes menos de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que no curso pasado, que non se atendesen máis dunha trintena de solicitudes de prazas de atención preferente ou que menos do 30% dos centros vaian contar cun reforzo do programa PROA+ e que sexa unicamente con docentes a media xornada son exemplos evidentes das demandas non atendidas por parte da Consellaría. Que unha parte desas carencias se quixese tapar nestas últimas semanas con contratos en precario deixa claro que a intención da Xunta é investir o mínimo posíbel e magnificalo con propaganda para que pareza que se fai moito.

A realidade é outra.

O alumnado é o principal colectivo afectado por unha política educativa abertamente continuísta practicada polo PP desde a Xunta nos últimos 15 anos. En primeiro lugar aquel que se enfrenta a unha realidade diaria con máis problemas e, en ocasións, nunha situación de vulnerabilidade, nun sistema que se vende como o máis inclusivo do Estado, cando a inclusión só pode entenderse como veraz se existen recursos suficientes para que estea ben atendido, que non é o caso.

Un alumnado que tamén padece os efectos dos recortes de persoal é o que cursa ESO, Bacharelato ou FP. Atopámonos con centros aos que non se lle autorizan desdobres necesarios ou ofertar un programa de diversificación curricular ou FP Básica mentres que noutros casos se obriga a alumnado de Bacharelato a cursar a distancia algunhas materias das que se van ter que examinar na proba de acceso á universidade, o que implica unha clara discriminación por un factor que non

podemos obviar: estes recortes prodúcense en vilas e zonas rurais, polo que vemos de novo como os seus dereitos se ven condicionados pola súa procedencia.

O forte e descontrolado incremento da oferta privada da FP, acompañada das restricións habituais para que non aumente a oferta na rede pública provoca que cada ano teña que optar polo ensino privado cando os poderes públicos deberían garantir unha oferta pública e gratuíta suficientemente ampla. Se a isto engadimos a falta dunha política de axudas e bolsas para afrontar os gastos de desprazamento ou residencia de centos de mozos e mozas que deben acudir a centros lonxe dos seus domicilios, temos a imaxe completa do que é unha política feita de costas á mocidade.

O curso actual puido ser o dun impulso real á atención á diversidade e á inclusión educativa. As medidas contidas no denominado “acordo de melloras” eran insuficientes porque non comprometían demandas como o aumento de persoal especialista ou a redución de alumnado por cada orientador ou orientadora. Tamén era pouco ambicioso á hora de recoñecer os ditames dos departamentos de Orientación e dos Equipos de Orientación Específicos para poder reducir ratios cando nunha aula existise alumnado que, malia carecer de recoñecemento oficial de discapacidade ou dependencia, debese contar especialmente á hora de fixar ratios máis reducidas.

Pero malia ser moi insuficiente, o goberno galego nin sequera está a cumprir con aquelas medidas que supoñían algún avance: non existe no presente curso escolar ningunha redución de ratio en toda a ESO malia existir alumnado con moitas necesidades e a medida foi incumplida na súa práctica totalidade en Primaria. Para que serve entón, por exemplo, regular un cómputo dobre ou triplo de alumnado cun 33% ou un 65% de discapacidade se ás primeiras de cambio non se cumpre? Onde está o fin da inclusión? Onde queda unha atención á diversidade con todas as garantías?

Nin se cumpre a redución por discapacidade nin se cumpren as ratios de aulas mixtas e o que no papel ía ser de carácter inmediato agora vai para catro cursos, nun novo exemplo de que a Consellaría vai acompañar a redución oficial de ratios á propia caída da matrícula polo descenso demográfico.

As familias e o profesorado que nos vimos manifestando e protestando nas últimas semanas facémolo porque queremos un ensino público de calidade e non estamos dispostas a que se nos minta nin se nos engane. Non queremos privilexios, nin laborais nin sociais, non queremos tratos de favor, nin desde as alcaldías nin desde San Caetano. Queremos o que en xustiza nos

corresponde: unha educación en igualdade, con todos os recursos, con políticas avanzadas, con inclusión e con orzamentos reais.

Por iso estamos e estaremos aquí e en todos os centros nos que se desatenda o ensino público, reclamando:

- A transparencia e a eliminación da censura por parte da Consellaría no traslado de información por parte dos centros á representación de calquera colectivo da comunidade educativa do centro.
- O uso exclusivo -para os fins aos que veñen destinados- dos fondos europeos ou doutras entidades que no presente curso escolar se dedicaron en moitos casos a contratar profesorado para postos ordinarios, reforzando deste xeito a inclusión educativa do alumnado con necesidades especiais.
- Unha redución das ratios en todas as ensinanzas a executar no tempo máximo de duración de cada etapa educativa, sen que teñamos que agardar até o curso 2032/33, para completar a redución a 20 en Primaria e sen saber sequera cando se comezará a baixada na ESO ou no Bacharelato. Perdida xa a oportunidade de ter dado comezo a esa redución xeralizada no presente curso escolar, debe comezar sen máis demora no curso 2025/26.
- A aplicación das reducións de ratios por contar con alumnado con diversidade con carácter inmediato e sen trampas, ampliando no cómputo especial o alumnado con informe emitido polos departamentos de Orientación e os Equipos de Orientación Específicos.
- A aplicación, tamén sen máis escusas, das ratios nas aulas mixtas, sen ter que agardar catro cursos a que sexan efectivas en todas as aulas afectadas xa que, a este paso, o efectos destes agrupamentos será moito menor.
- A redución de horario lectivo que demanda a maioría do profesorado e da súa representación sindical para todo o colectivo docente sen excepción, recuperando os dereitos que lle foron arrebatados, e garantindo o normal funcionamento dos centros cos reforzos de persoal que sexan precisos, sobre todo para afrontar como é debido a atención á diversidade.

Santiago de Compostela, 26 de outubro